

TRIBUNA

Galegos e cristiáns

Nos congresos sobre escritores é raro encontrar unha ponencia, ou polo menos un relatorio, que se ocupe da relixiosidade do persoeiro. A imbricación de fe e cultura non atrae ós críticos, e só dalgún xeito ós recreadores de tal fenomenoloxía. Ben é certo que nalgúns casos non se pode obviar, tal como aconteceu este ano con Risco en Ourense. Era un paradigma, se nos contestará. Pero non ten por que faltar no estudio dos epígonos.

De aí que sexan necesarios ensaios e libros que analicen o vector da espiritualidade nos nosos escritores, sabendo que así se entenderá mellor o seu compromiso co ethos e co pathos. Como tal sinalamos hoxe, e con alborozo, a publicación de *Galegos e cristiáns*, un libro que Victorino Pérez Prieto, crego e escritor, pon nas nosas mans, froito das súas investigacións, e máis aínda do seu amor profundo a Galicia. Os lectores de **El Progreso** coñecen ben o seu pensamento e o seu progresismo a través dos artigos que nas súas páxinas inseriu.

O título, fuxindo dos "ismos", por ter algún deles certo sabor receoso, acerca, fraterniza e harmoniza dúas realidades históricas do noso país: a relixiosidade e o galeguismo. Fe e galeguidade encón-

transe, pois, ó longo de preto de catrocentas páxinas, compulsando o seu activo e a súa comunión no eido intelectual, no campo literario, sen esquecer outras facetas de xenerosidade co propio pobo. Lonxe de fomentalo apoloxismo, percórrese o pasado, e mais o presente, co obxectivo de preguntar e responder: quen son os que traballan e como o fan desde as súas crenzas e a partir do compromiso coa súa etnia.

En oito capítulos vai descorrendo Victorino —Tori para cantos o tratan— o veo sutil dunha realidade, bastante descoñecida para determinados sectores da sociedade e incluso dalgúns intelectuais. Arrinca do século IV, precisamente cunha muller, a monxa Exeria, e remata nos albores do próximo XXI —que sintonía— con outra muller, coa poetisa Marica do Campo. E en tan longo, e ás veces tan depauperado espazo, nomes senlleiros como os de Prisciliano, Xelmírez, Feijoo, Sarmiento, Rosalía, Curros, Pondal, algún bispo, os da Xeración Nós, unha dama e outros poetas. Logo os de hoxe, os de agora mesmo: cregos, frades e monxas; leigos de dereitas e de esquerdas, así da cultura como no nacionalismo.

Non se ocultan, sen pretender recalcalas, as reticencias que bastantes per-

“

A imbricación de fe e cultura non atrae ós críticos, e só dalgún xeito ós recreadores de tal fenomenoloxía

”

sonaxes civís e eclesiásticos mantiveron neste terreo. A vista está, di un dos entrevistados, a resistencia da parte visible e relevante da igrexa a entrar en diálogo profundo coa causa do galeguismo. El é quen por outra banda engade: é un estéril doctrinarismo o daqueles que aínda pensan que a fe se define como un estado primitivo, un atranco que hai que

Nicanor Rielo

superar para ser un bo militante nacionalista.

Hai uns anos, ben poucos, o autor estudiaba con fondura este mesmo tema referido ós catro grandes da Xeración Nós. Agora faino utilizando un horizonte infinitamente maior, porque neste volume entran moitos nomes, todos aqueles que foron dobremente fieis: ó credo patriótico é ó cristián. Estean ou non incluídos nestas páxinas, poucos ou ningún galeguista haberá que non posúa alicerces xenuinamente relixiosos.

Penso que o panorama devén optimista, como esperanzado é o carácter de quen o traza. Que a súa visión no-la queira transmitir a cantos nos debemos a Galicia é un agasallo que hai que agradecerlle. Despois de degustado o seu discurso, de sopesadas as súas análises, de sentida a súa paixón, sen dúbida que un ha de sentirse máis comprometido. Con ganas de repetir: “crentes en Deus e no porvir da Terra”, palabras que se coreaban, por exemplo, o Día de Galicia de 1924, o ano no que Castelao ingresaba no Seminario de Estudos Galegos.

Las colaboraciones enviadas a "Tribuna" no deben sobrepasar los dos folios mecanografiados a doble espacio